

9. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe. De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

9.1 Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

9.2. Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

DPTO DE ITALIANO

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

9.3. Avaliación de promoción

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

Terá lugar a finais do mes de maio, en convocatoria ordinaria, e no mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

9.4. Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

9.5. Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalizaciónetc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)

DPTO DE ITALIANO

- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)

A coordinación co resto do profesorado

9.6 . Mínimos esixibles en diferentes niveis

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo serviranos para fixar unha escala que permita valorar se o alumnado é quen de empregar correctamente outras expresións coa mesma función comunicativa.

Eléncanse os mínimos esixibles por niveis:

A1
<p>Obxectivos comunicativos xerais</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Recoñecer expresións familiares, fórmulas e palabras máis comúns (carteis, menú, horarios, formularios...). ● Extrapolar informacións de conversas formais e informais (presentacións, pedir informacións, orientacións na rúa...). ● Comezar e concluír conversa/correspondencia. Verificar e confirmar a comprensión. ● Confirmar, desmentir, expresar acordo ou desacordo. ● Requerir a atención. ● Desculparse, agradecer e responder a un agradecemento. ● Solicitar/dar informacións en contextos formais e informais. ● Manexar frases para solicitar un ben/servizo. ● Describir/solicitar informacións sobre accións cotiás, hábitos e rutina. ● Interactuar ao teléfono. ● Expresar bos desexos, facer un bríndise ou un agradecemento . ● Describir o tempo atmosférico. ● Pedir/describir accións, hábitos, rutinas no pasado e facilitar unha secuenciación temporal . <p>Estratexias comunicativas</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Encher formularios con datos persoais. ● Dicir que non se entendeu. ● Pedir que se repita. ● Preguntar polo significado dunha palabra. ● Pedir que se soletree. Preguntar pola pronuncia correcta. ● Captar a atención. Abrir e pechar unha conversa ou unha correspondencia. ● Tomar a palabra. ● Empregar linguaxes non verbais para facerse entender. Inferir para comprender o contexto comunicativo. ● Empregar todos os recursos coñecidos para expresar acordo ou desacordo. ● Escanear / escoitar un texto de argumento sobre a rutina ou de contido familiar para buscar informacións específicas.

A2

Ademáis do repaso e ampliación do nivel A1 cumpriranse os seguintes puntos:

Obxectivos comunicativos xerais:

- Repaso e ampliación do nivel A1.
- Comprender informacións sobre experiencias vividas, eventos pasados, feitos concluídos, narracións.
- Aprezar a secuenciación temporal, informacións obvias e de transfondo en eventos, narracións, descricións.
- Entender instrucións e peticións en contextos cotiáns.
- Captar informacións xerais en conversas cotiás.
- Distinguir a opinión principal en textos de argumento familiar e identificar motivacións e valoracións.
- Abrir e pechar unha conversación presencial, unha correspondencia, unha chamada telefónica.
- Expresar desexos.
- Narrar feitos e experiencias concretas presentes e pasadas.
- Describir hábitos, estados de ánimo, características referidas a persoas, cosas, obxectos e situacións pasadas.
- Introducir unha hipótese.
- Facer previsións para o futuro.
- Enumerar e indicar a cantidade.
- Pedir/dar informacións sobre feitos e programas.
- Solicitar algo ou responder a unha solicitude

Estratexias comunicativas

- Facer suxestións e dar instrucións.
- Elaborar unha secuenciación temporal dos feitos.
- Indicar as principais causas e consecuencias.
- Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas.
- Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar en termos xerais a propia opinión ou as propias eleccións.
- Empregar un número limitado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras.
- Comprender o contido xeral de instrucións e regulamentos. Distinguir informacións rutinarias (horarios, prezos, lugares, descricións, ...).
- Expresar gustos (propios ou alleos) e informarse ao respecto.
- Dar e comprender instrucións.
- Expresar obriga, posibilidade, desexo Informarse e expresar a razón/ causa de algo.
- Facer / responder a un ofrecemento, unha proposta ou unha invitación.

B1

Obxectivos comunicativos xerais

- Dar e comprender instrucións.
- Pedir que se repita, o significado, a pronuncia, o soletreado (repaso e ampliación).
- Dicir que non se entendeu especificando a parte do discurso que resulta confusa (repaso e ampliación).
- Captar e solicitar a atención (repaso e ampliación).
- Abrir, manter e pechar unha conversa ou unha correspondencia (repaso e ampliación.)
- Expresarse en tempo futuro.
- Expresar desexo, hipótese, condición.
- Tomar a palabra, invitar a intervir e ceder a palabra (repaso e ampliación).
- Empregar linguaxes non verbais para facerse entender (repaso e ampliación).

Estratexias comunicativas

- Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas (repaso e ampliación).
- Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar a propia opinión ou as propias eleccións, para subliñar o contraste, o apoio, a dúbida...
- Empregar un número adecuado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras.
- Achegar o significado dunha palabra que non se coñece engadindo unha especificación a un termo coñecido da mesma categoría. Reformular o dito para aclarar un contido.
- Solicitar unha reformulación, unha aclaración ou unha explicación sobre unha parte específica do discurso.
- Verificar a comprensión do interlocutor. Identificar sinais de dificultade, disconformidade, aprobación...
- Solicitar ser corrixidos na propia produción e modificala.
- Buscar informacións consultando varios textos.
- Escoitar diferentes tipos e fontes textuais para buscar informacións específicas (repaso e ampliación)

B2.1

Obxectivos comunicativos xerais

- Comprender de xeito razoable o que se fala respecto dos temas máis habituais, se se dan opinións, se se fala de experiencias persoais, con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes.
- Comprender e seguir as ideas principais e algúns detalles en textos audiovisuais de carácter informativo, articulados lentamente e claramente sobre temas coñecidos, sen comprender algunhas opinións.
- Iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa.
- Opinar de xeito simple e amosar acordo e desacordo sobre temas do seu interese.
- Solicitar e intercambiar información de forma sinxela cun repertorio léxico suficiente para o nivel.
- Pronunciar e entoar de xeito intelixible, cun evidente acento estranxeiro e cometendo erros de pronuncia que non interrompan a comunicación
- Comprender textos con léxico de uso frecuente sobre temas cotiáns.
- Producir textos moi breves, sinxelos, en formato convencional, con información persoal ou do seu interese, ofrecendo a súa opinión sobre feitos concretos; empregando adecuadamente as regras ortográficas básicas.
- Facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.
- Trasladar información; repetir ou reformular unaha información sinxela a terceiras persoas.

Estratexias comunicativas

- Comezar, manter e concluír un discurso de xeito apropiado empregando con eficacia os turnos de palabra .
- Empregar frases feitas para gañar tempo e conservar o turno de palabra, mentres se trata de (re)formular o que se quere dicir.
- Formular preguntas sobre os detalles para controlar a comprensión sobre o expresado polo interlocutor e poder aclarar os puntos ambiguos .
- Contribuír ao desenvolvemento da discusión formulando enunciados que demostren a comprensión, sostendo o propio razoamento a través de afirmacións e inferencias Contribuír a soste unha conversa en contexto familiar Adecuar o que se di e o modo de expresión á situación e ao destinatario.
- Formular o que se quere dicir de diversos xeitos adaptándose aos cambios na conversa.
- Empregar circunloquios e paráfrases para superar as lagoas lexicais e estruturais Corrixir erros percibidos ou que poidan provocar malentendidos.
- Tomar notas dos propios erros recurrentes e controlar de xeito consciente o discurso para evitalos.

DPTO DE ITALIANO

- escoitar concentrándose sobre elementos principais, controlar a comprensión empregando indicios contextuais. .

B2.2

Ademais do repaso e ampliación do nivel B2.1 cumpriranse os seguintes:

Obxectivos comunicativos

- Comprender globalmente textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios.
- Comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas.
- Comprender as ideas principais e detalles relevantes de conferencias, charlas, documentais e reportaxes en lingua estándar e a velocidade media.
- Iniciar, manter e rematar unha conversa utilizando un repertorio lingüístico sinxelo pero abondo para expresar as súas opinións e argumentalas.
- Expresar a súa opinión con claridade, rebatindo e pedindo e dando aclaracións, cunha certa fluidez aínda que poida cometer erros esporádicos.
- Comprender a información principal, os detalles relevantes así como as opinións, explícitas e implícitas, de artigos e entrevistas sempre que o texto estea ben estruturado e poida reler as seccións máis complexas.
- Participar nun blog ou foro en Internet expresando a súa opinión adecuándose ao rexistro e ao contexto.
- Escribir correspondencia persoal sinxela e breve nun rexistro adecuado á situación comunicativa.
- Referir tanto oral coma na escrita a información máis relevante dun texto.
- Sintetizar e describir a terceiras persoas, os puntos principais e detalles relevantes recompilados do texto.

Estratexias comunicativas

- Comezar, manter e concluír un discurso de xeito apropiado empregando con eficacia os turnos de palabra.
- Empregar frases feitas para gañar tempo e conservar o turno de palabra, mentres se trata de (re)formular o que se quere dicir.
- Formular preguntas sobre os detalles para controlar a comprensión sobre o expresado polo interlocutor e poder aclarar os puntos ambiguos.
- Contribuír ao desenvolvemento da discusión formulando enunciados que demostren a comprensión, sostendo o propio razoamento a través de afirmacións e inferencias Contribuír a soste unha conversa en contexto familiar Adecuar o que se di e o modo de expresión á situación e ao destinatario.
- Formular o que se quere dicir de diversos xeitos adaptándose aos cambios na conversa.
- Empregar circunloquios e paráfrases para superar as lagoas lexicais e estruturais Corrixir erros percibidos ou que poidan provocar malentendidos.
- Tomar notas dos propios erros recurrentes e controlar de xeito consciente o discurso para evitalos.

DPTO DE ITALIANO

- escoitar concentrándose sobre elementos principais, controlar a comprensión empregando indicios contextuais.

C1.1

Ademais do repaso e ampliación do nivel B2 cumpriranse os seguintes puntos:

Obxectivos comunicativos xerais:

- Expresarse de xeito fluído e espontáneo aparentemente sen ter que buscar as palabras.
- Usar a lingua de xeito eficaz e flexible.
- Comprender textos literarios, artigos especializados, instrucións técnicas complexas, etc., captando as diferenzas de estilo.
- Argumentar de xeito articulado, proporcionando exemplos e motivacións apropiadas.
- Integrar eficazmente as propias accións coas dos interlocutores.
- Producir textos de diverso xénero cunha estrutura cohesionada e desenvolveos con coherencia.

Estratexias comunicativas

- Usar circunloquios e paráfrases para superar lagoas lexicais e estruturais.
- Escoller expresións adecuadas para tomar a palabra e introducir as súas observacións ou para gañar tempo e non ceder a quenda de palabra.
- Contribuír á conversa integrando con habilidade as propias intervencións coas dos interlocutores.
- Plantexar preguntas para profundizar e comprobar se entendeu ben o que o interlocutor quería dicir e pedir que lle aclaren eventuais puntos ambiguos.
- Tomar a palabra e introducir as propias observacións escollendo as expresións adecuadas.

C1.2

Ademais do repaso e ampliación do nivel C1.1 cumpriranse os seguintes:

Obxectivos comunicativos xerais:

- Seguir sen esforzo conversas, debates, programas de tv, conferencias, etc.
- Comprender textos literarios, artigos especializados, instrucións técnicas complexas, etc., captando as diferenzas de estilo.
- Usar estratexias para evitar circunloquios sen alterar o fluxo do discurso.
- Presentar descrições e exposicións claras e articuladas sobre temas complexos, desenvolvendo puntos específicos e concluíndo de xeito apropiado.
- Expresar e recoñecer a dimensión afectiva incluso cando non está explícita.
- Escribir sobre temas complexos en cartas, ensaios, relacións, subliñando os puntos importantes e adaptando o estilo aos destinatarios.

Estratexias comunicativas:

- Planificar o que quere dicir e seleccionar as expresións lingüísticas tendo en conta o efecto que terá sobre o destinatario.
- Evitar dificultades comunicativas reformulando o que quere dicir, sen interromper o fluxo da conversa.
- Usar indicios contextuais, gramaticais e lexicais para inferir actitudes, estados de ánimo e intencións e anticipar o seguinte.

DPTO DE ITALIANO

- Plantexar preguntas para profundizar e comprobar se entendeu ben o que o interlocutor quería dicir e pedir que lle aclaren eventuais puntos ambiguos.
- Usar expresións adecuadas para gañar tempo e conservar a quenda de palabra mentres intenta reformular o que quere dicir.

9.7- A avaliación para o curso 2023-2024

A Instrución 11/2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime libre para o curso 2023/24.e a ORDE do 25 de agosto de 2022 pola que se aproban as táboas de avaliación documental de determinadas series documentais do patrimonio documental de Galicia (relativa á custodia de probas e mostras de modelos de exame), dictan as instrucións para ol desarrollo das probas de certificación das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2023/24 e, a sua vez, reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

Proceso de avaliación

9.7.1. Cursos ordinarios:

a) Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, coincidindo a última coa proba de promoción ou de certificación.

b) Ademais, ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

c) Así mesmo, o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

d) O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba segundo corresponda:

1º. Proba de promoción: Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

2º. Proba de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

Características xerais, estrutura e organización:

DPTO DE ITALIANO

a) Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixiadas polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixiadas polo profesor ou profesora correspondente.

b) A proba parcial de progreso do mes de xaneiro-febreiro deixa de existir a partir do presente curso.

c) Para os cursos non terminais de nivel realizarase unha proba de promoción. Esta proba terá lugar na primeira quincena do mes de xuño, en convocatoria ordinaria, e na segunda quincena deste mesmo mes será a convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria .

d) Os departamentos didácticos establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

Na segunda quincena do mes de xuño haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria, terá un valor do 100% para todo o alumnado.

9.7.2-Proba de certificación

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel realizará a finais do mes de maio ou durante o mes de xuño a proba terminal de certificación do nivel correspondente. Estas probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

9.7.3.Elaboración, administración e cualificación

As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

DPTO DE ITALIANO

9.7.4. Baremo e cualificación das probas:

- a) Para os cursos do nivel básico A2 a proba de promoción terá un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.
- b) Para os cursos dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de promoción será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.
- c) A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto" ou "Non apto".
- d) A cualificación "Apto" requirirá a superación da proba nos termos previstos nos apartados anteriores.
- e) No caso do alumnado que non realice algunha(s) das partes da proba, a cualificación para cada unha destas partes será "Non presentado" e a cualificación final da proba será "Non apto".
- f) No caso do alumnado que non realice ningunha das partes que conforman a proba, a cualificación final será "Non presentado".

9.7.5. Alumnado con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.

9.7.6. Reclamacións sobre os resultados da avaliación

O profesorado facilitaralle ao seu alumnado a revisión da proba de promoción informándoo dos obxectivos acadados.

O alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas de promoción e de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

- a. Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.
- b. Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitará do departamento o correspondente informe, no que deben constar as causas da ratificación ou rectificación da nota, e informará por escrito o alumnado implicado da resolución adoptada.

De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer un recurso de alzada perante a

DPTO DE ITALIANO

Xefatura Territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

De producirse o recurso de alzada, o servizo provincial de inspección educativa solicitaralle á escola os seguintes documentos:

- a) A reclamación do alumno ou alumna.
- b) O informe do departamento didáctico e a resolución da dirección.
- c) O informe do profesorado responsable da avaliación.
- d) A proba ou probas contra as que se recorre e calquera outra documentación adicional que se considere pertinente.

No suposto de que o recurso de alzada se presentase ante a dirección da escola oficial de idiomas, esta tramitará a reclamación acompañada dos documentos sinalados no punto anterior nun prazo non superior a 48 horas.

A inspección educativa poderá solicitar a intervención de especialistas no idioma obxecto de reclamación para elaborar o informe correspondente.

A inspección educativa remitiralle o informe, xunto coa copia completa e ordenada do expediente, á Xefatura Territorial, no prazo de 10 días hábiles.

Tras ver o informe da inspección educativa, a Xefatura Territorial resolverá no prazo máximo de tres meses a partir da data de presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.